

SOLICITUDE DE APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS**INSTRUCCIONS PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE:**

Solicitante. O obrigado a efectuar o pagamento. Poderá actuar por sí mesmo, ou a través de representante.

Representante. Só si o solicitante actúa a través de representante. En caso de persoa xurídica (representación legal) a representación se acreditará mediante poder bastante, bien a través de documento público ou ben a través dun documento privado con sinatura lexitimada notarialmente ou por comparecencia. En caso de persoas físicas (representación voluntaria) será suficiente con que asinen a solicitude o representante e o solicitante, e se achegue copia dos NIF de ambos.

Identificación da débeda. Debe indicarse si a débeda se atopa en período voluntario e/ou executivo. Achegarase relación da débeda a aprazar ou fraccionar. Este documento é imprescindible para a identificación da débeda culo fraccionamento ou aprazamento se solicita.

Motivación. Riscar o motivo. En función do motivo riscado, deberá achegarse diferente documentación acreditativa da referida situación

Pronosta de pago. Riscarase si se está a solicitar un fraccionamento ou un aprazamento, e cubrirense o resto dos campos. Nos fraccionamentos aplicaranse, con carácter xeral os seguintes tramos, regulados no artigo 43.5 da Ordenanza fiscal xeral do concello de Ames:

Importe da débeda	Período máximo
De 100,00 € a 300,00 €	3 meses
De 301,00 € a 900,00 €	6 meses
De 901,00 € a 1.500,00 €	9 meses
De 1.501,00 € a 3.000,00 €	12 meses
De 3.001,00 € a 4.500,00 €	15 meses
De mais de 4.501,00 €	18 meses

O importe mínimo a fraccionar é de 100 €. Pero tanto ese importe como o número máximo de prazos previsto na táboa anterior poderán exceptuarse en determinadas situacións de emerxencia social e outras previstas no artigo 43.5 da Ordenanza Fiscal Xeral.

Documentación. Deberá achegarse a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
- Compromiso irrevogable da achega de garantía (todos os casos de débedas \geq a 6.000 €, nos que non existe dispensa automática).
- Acreditación da titularidade da conta. Si ésta non pertence ao obrigado ao pago, asinará a autorización, e achegarse copia do seu NIF.
- Relación detallada da débeda (Informe extraído do Sistema de Información Tributaria, de Recadación)
- Documentación acreditativa da insuficiencia transitoria de liquidez/informe de servizos sociais do concello de Ames:
 - a) Persoas físicas:
 - Copia das dúas últimas nóminas recibidas.
 - Certificado de bases impositibles da última declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. No suposto de contribuíntes que non estean obrigados a presentar declaración, a acreditación dos ingresos percibidos realizarase mediante o certificado de retencións expedido polos pagadores dos distintos rendementos obtidos.
 - b) Persoas xurídicas:
 - As contas do Balance de situación e contas de perdas e ganancias do último exercicio pechado.
 - Copia, debidamente compulsada, do Imposto sobre sociedades correspondente ó último exercicio económico presentado
 - c) Comunidades de bens e outras entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003.
 - Acordo da xunta de propietarios ou do órgano competente que reflexe a aprobación da solicitude de fraccionamento ou aprazamento para facer fronte á débeda e plan de pagamento.
 - Certificación de conta bancaria para a domiciliación.

- Outra documentación: calquera documentación que sirva de soporte para a solicitude formulada. Por exemplo, no caso de que sexa obrigatoria a achega da garantía, e de se solicitar a admisión de garantía non consistente en aval solidario de entidade de crédito, de sociedade de garantía recíproca ou de certificado de seguro de caución; ou ben si se insta a dispensa total ou parcial da achega de garantía, aportarase:

A. Cando se solicite a admisión de garantía que non consista en aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, achegarase, xunto á solicitude de aprazamento ou fraccionamento:

- Declaración responsable e xustificación documental da imposibilidade de obter aval ou certificado de seguro de caución, na que consten as xestións efectuadas para a súa obtención (deberán xuntarse negativa de, a lo menos, dúas entidades financeiras ou de caución ás que se tivera dirixido o solicitante para a obtención da correspondente garantía).
- Valoración feita nos últimos tres meses dos bens ofrecidos en garantía efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes. Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, a valoración deberá efectuarse, preferentemente, por unha empresa ou profesional inscrito en devandito rexistro.

B. Cando se solicite a dispensa total ou parcial da garantía:

- a. Declaración responsable e xustificación documental manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía. A declaración responsable deberá incorporar relación dos bens inmoebles dos que o solicitante sexa titular, indicando en cada caso a referencia catastral e aportando información detallada das cargas que os gravan.
- b. Declaración responsable e xustificación documental da imposibilidade de obter aval ou certificado de seguro de caución, na que consten as xestións efectuadas para a súa obtención (deberá xuntarse negativa de, a lo menos, dúas entidades financeiras ou de caución ás que se tivera dirixido o solicitante para a obtención da correspondente garantía).
- c. Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade de cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado, e que poña de manifesto que a imposibilidade para facer fronte ao pago da débeda é transitoria, e non estrutural.

TRAMITACIÓN

No suposto de que a solicitude tivera algún defecto ou omisión, concederase un prazo de dez días para que emende as deficiencias observadas, advertíndolle de que se non o fai transcorrido ese prazo, arquivarase a solicitude, sen mais trámites.

O prazo para resolver é de seis meses. Transcorrido o mesmo sen resolución, poderase entender desestimada a solicitude.

NORMATIVA

Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria
RD 939/2005, de 29 de xullo, Xeral de Recadación
Ordenanza xeral de Xestión, recadación e inspección do concello de Ames